

Bloque

Moaña

Número 6. Época 1ª / Xullo 2010

“ Co goberno do BNG, Moaña é un referente de tranquilidade, respecto á natureza, calidade de vida e espazo para o lecer ”

Impreso postal sen enderezo

Moaña, un modelo de transformación urbana en beneficio dos veciños e veciñas

Moaña experimentou nos últimos catro anos unha espectacular transformación urbana que aprecian por igual a veciñanza e os miles de visitantes que teñen ao noso concello como referente de tranquilidade, respecto á natureza, calidade de vida, espazo para o lecer e o recreo.

As actuacións permitiron incrementar en máis de 30.000 m² as zonas verdes. As prazas e paseos da urbanización do Rosal, a Praza do Concello e os espazos naturais recuperados na Xunqueira veñen unirse aos sendeiros da costa de Tirán e dos ríos da Fraga e da Gándara, como áreas de lecer e de contacto coa natureza.

As reformas viarias supuxeron unha mellora notábel da accesibilidade, ao dotar ao centro urbano de amplas beirarrúas, cómodas para os peóns e propicias para o comercio e a hostalaría. A construción dun paseo e carril-bici desde o Con até Samertolomeu engade un novo atractivo a nosa fronte litoral, sen comparación en ningún outro concello da ría.

A reforma acompañouse dunha melloira da estética do noso contorno, coa plantación de centos de árbores, a substitución do alumeadado, o incremento do mobiliario urbano e a instalación de pezas escultóricas chamadas a converterse en imaxe e postal de visita do noso concello.

AS ÚLTIMAS ACTUACIÓNS

A reforma urbana acometida polo BNG desde o Goberno Municipal dirixiuse á reurbanización integral do barrio do Real, á reurbanización da rúa das Barxas e á Praza do Emigrante, ademais de rematar as obras na rúa Daniel Castelao.

A actuación no Real ascendeu a 860.000 euros, coa renovación de todas as rúas, que se dotaron de amplas beirarrúas un novo alumeadado, arborado e asfaltado. A pesar das limitacións, conseguiu un barrio remozado, máis cómodo, tamén para as persoas con discapacidades e harmónico co resto do casco urbano.

Púxoselle o ramo ás obras da rúa Daniel Castelao, cuxa primeira fase ascendeu a 550.000 euros,



Xosé Manuel Millán,
alcalde de Moaña

aos que se uniron outros 180.000 euros nunha segunda fase que incluíu o axardinamento, alumeadado e mobiliario urbano. A transformación da rúa foi espectacular, pasando de ser un vial incómodo e feo a converterse nunha das rúas máis fermosas de Moaña.

A reforma urbana completouse coa reurbanización da rúa das Barxas e, en colaboración cos promotores do Plan O Rosal-Sur, coa remodelación da Praza do Emigrante.



O Fisgón



www.bng-galiza.org
Edita: BNG Moaña

As últimas actuacións do goberno local



Unha reforma urbana espectacular



Praza do Emigrante

A reurbanización da rúa das Barxas supuxo 320.000 euros nunha obra integral: instalación de rede de augas pluviais, dotación de amplas beirarrúas, axardinamento, alumeado e mobiliario urbano. Ao mesmo tempo, os promotores do Plan O Rosal-Sur, en colaboración co Concello, executou a remodelación da Praza do Emigrante, gañando unha zona verde de máis de 1.500 m². e un novo espazo de calidade para todos os moañeses e moañesas.

Paseo de Domaio: veciños e veciñas siguen agardando



Pasaron xa oito meses desde que a presidenta da Autoridade Portuaria de Vigo, Corina Porro, viñera a Domaio a inaugurar a primeira fase do Paseo. Coma o cuco, puxo os ovos no niño que outro lle fixera. A obra fora prevista e adxudicada polo anterior presidente. Corina Porro pro-

meteu continual, pero pasaron oito meses e non está nin se lle espera. Os colectivos veciñais de Domaio teñen solicitado en varias ocasións reunirse coa presidenta, pero está moi ocupada; polo visto non dá organizado a súa axenda, a pesar das solicitudes e chamadas do noso alcalde, interesado en que cumpra a súa palabra.

Esta é a maneira de cumprir as promesas que ten o PP. O proxecto estaba xa redactado, o compromiso de financiamento quedou asinado: foi chegar o Partido Popular ao goberno e todos os compromisos quedaron en papel mollado. Teñen aínda uns meses para recapacitar; con excusas e mentiras nada se adianta. E os veciños e veciñas de Domaio terán claro cal foi o anaco de Paseo que o Partido Popular deixou a monte.

Un Estatuto de Nación para unha Galiza de Primeira



Guillermo Vázquez

O Estatuto de Autonomía é a norma básica que, nas limitacións do actual modelo político-económico, establece o grao de autogoberno de Galiza e, polo tanto, a capacidade de decidirmos por nós mesmos para mellorar a vida dos galegos e galegas.

Neste sentido as limitacións do actual Estatuto de Autonomía son evidentes: un texto que data do ano 1981 e que ficou desfasado para atender as novas demandas da sociedade galega e para incrementar e defender o noso autogoberno, constantemente ameazado tanto polas directrices de Bruxelas como, o que é máis grave, pola descarada invasión de competencias

por parte do Goberno Central, que, mediante a lexislación básica, practica un centralismo sen complexos que deixa en papel mollado a capacidade de autogoberno da Xunta de Galiza.

A postura do BNG ante esta situación foi clara e valente ao reclamar un Novo Estatuto de Nación para Galiza. Fíxoo durante o Goberno Bipartito e fai-no agora, empurrando a PP e PSOE a participaren un debate que, ao igual que o das caixas de aforros ou o da lingua galega, queren eludir porque non consideran prioritario.

A insistencia do BNG en que Galiza sexa recoñecida como nación no novo Estatuto non é unha cuestión nominalista. É unha necesidade irrenunciábel porque, ademais da importancia simbólica de manter a Galiza dentro da Primeira División do Estado, xunto a Catalunya e Euskadi, implica cuestións prácticas e tanxíbeis como é que a Xunta de Galiza preserve e incremente as súas competencias.

Como asegurou o portavoz nacional do BNG, Guillermo Vázquez, “non é un capricho ter un novo Estatuto de Nación, é unha necesidade para que as institucións galegas teñan máis ferramentas para mellorar a calidade de vida dos cidadáns e das cidadás, e máis aínda nun momento en que as decisións que nos afectan, polí-

ticas e económicas, se toman lonxe de nós”.

Mesmo a Constitución –convertida en tótem sagrado e inmutábel por PSOE e PP para frear as lexítimas aspiracións de liberdade das nacións do Estado- permitiría a inclusión do termo nación no Novo Estatuto de Galiza tal e como vén de establecer a recente sentenza do Tribunal Constitucional referida ao Estatut de Catalunya.

En definitiva, un Estatuto de Nación para Galiza é máis autogoberno, máis benestar, máis igualdade e xustiza para os galegos e galegas.

Por iso, o BNG vai presentar un texto articulado de Novo Estatuto que incluírá a palabra nación. “Imos tomar a iniciativa e facemos un emprazamento ás demais forzas políticas para que non obstaculicen o avance do autogoberno do noso País e o emprazamento facémoslo especialmente ao presidente do Goberno Galego”, asegura Guillermo Vázquez.

É moito o que nos xogamos: estar en Segunda División autonómica, como defende o Partido Popular, cunha Galiza sen ambición e confianza en si mesma e que se axeonlla ao que mande Madrid; ou xogarmos en Primeira División, como unha nación, con dignidade e con confianza na nosa capacidade de decidirmos o noso futuro.

O BNG teno claro: a nosa selección é Galiza e os galegos e galegas.

Como contactar co BNG de Morrazo:

www.bngmoana.org
www.bng-galiza.org
Teléfono: 986.302.655

Como contactar co BNG Nacional:

Sede Nacional. Avenida Rodríguez de Viguri. 16 baixo.
Santiago de Compostela. 981 55 58 50
www.bng-galiza.org
nacional@bng-galiza.org

